

## UGT-GALICIA PRESENTA A “ESTRATEGIA DE EMPREGO PARA A MOCIDADE NA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL”

**Redacción.-** Este martes, UGT-Vigo acolle a celebración da asemblea do Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal, na que se presentou a xestión do último mandato, ao fronte do cal estivo o secretario xeral de UGT-Galicia entre os anos 2021 e 2023. Nesta asemblea, José Antonio Gómez tamén lle deu o relevo ao secretario xeral de UGT-Portugal que a partir de agora asumirá presidencia do Consello. Lembrar que esta presidencia é rotatoria entre os seus membros, UGT-Galicia, o S.N. de CCOO de Galicia, UGT-Portugal e a CGTP-IN.

Aproveitando a celebración desta asemblea, na sede de UGT-Vigo, tamén se celebrou unha rolda de prensa na que se presentou o estudo “Estrategia de emprego para a mocidade na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal”, elaborado e dirixido pola coordinadora do Gabinete Económico de UGT-Galicia, Olga Crespo.

No estudo faise unha contextualización do escenario económico, demográfico e xeográfico, así como, unha análise do mercado laboral da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, coas ocupación e saídas profesional, a inserción laboral segundo o nivel formativo, unha avaliación das políticas públicas dirixidas á mocidade e, finalmente, póñense enriba da mesa os obxectivos e medidas a adoptar para mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas da devandita Eurorrexión.

Ábrese o traballo analizando o contexto macroeconómico de ambas áreas, no que destaca no 2021 unha Eurorrexión liderada polo norte de Portugal cun PIB de 65.000 millóns de euros, superando á economía galega en 1.500 millóns de euros.

Pola contra, se se utiliza o PIB per cápita, un indicador relevante para medir a produtividade, sae gañando Galicia, se no 2012 o galego era de 19.300 euros por habitante, no norte de Portugal era de 13.200 euros. Esta distancia acúrtase nove anos despois a 5.300 euros, pero Galicia segue a manterse á cabeza.

Outro dos indicadores máis importantes do grado de desenvolvemento dunha econo-



mía é o gasto en I+D. Un gasto clave na competitividade. Así, este foi, en relación ao PIB do 1,8%, e en Galicia do 1,10%.

Outro dos elementos seleccionados para ofrecer unha diagnose da Eurorrexión é o sector industrial. No 2020 a ocupación neste, incluída a rama da enerxía, foi no norte de Portugal do 26% do total de sectores, fronte a 16,7% de Galicia.

Dende un punto de vista demográfico, o estudo fixa a poboación menor de 30 anos en Galicia dende o 2008 a 2021 cun descenso do 30%, un 18% en Portugal.

En canto ao mercado laboral, en Galicia diminúe a poboación activa menor de 30 anos en 100.000 persoas en 11 anos, entre o 2010 e o 2021, o que supón o 41%. No norte de Portugal a diminución é de 83.000 persoas, o 22%.

A taxa de temporalidade dos menores de 30 anos no Norte de Portugal é do 39%, moi inferior á galega, que supera o 60% (a media da poboación ten una temporalidade do 24,5%).

A concentración da mocidade por ramas de actividade, en Galicia, dos case 100.000 afiliados mozos e mozas, o emprego concéntranse no comercio, servizos comidas e bebidas, educación e sanidade. Se a análise se fai polo grado de penetración da mocidade en cada rama en relación ao total de idades, destacan outras actividades científicas e técnicas, actividades relacionadas co emprego e actividades deportivas e recreativas. En todas elas os mozos e mozas representan máis do

25% en relación ao total de idades.

No lado contrario, nas ramas nas que a participación da mocidade é escasa e que, polo tanto, poden ser indicativas de posibilidades de emprego nos vindeiros anos polo relevo xeracional que vai ser preciso, destacan Administración pública e defensa, aquí a mocidade só representa o 2,9% do total de persoas afiliadas.

Que sucede no norte do país veciño? O emprego entre a mocidade concéntrase no comercio, fabricación de téxtil e saúde, así como, en actividades deportivas, consultoría e programación e I+D. En todos estes casos a porcentaxe sobre o total de idades supera os 30 puntos.

No estudo tamén se presenta unha análise DAFO e posteriormente unha serie de medidas co obxectivo de mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas da Eurorrexión.

Así, propónse:

### Políticas activas de Emprego:

- Creación dunha Oficina limítrofe da Eurorrexión que informe sobre as necesidades de emprego e oferta formativa en ambas rexións, para a mocidade que queira traballar nun lugar distinto á súa rexión de orixe.

### Transición ao mercado laboral

Continúa na páxina seguinte...

- Fomentar que as persoas que abandonaron os estudos e están fora do mercado laboral, regresen a el, especialmente ca FP, FP dual, mediante un portal que informe sobre a formación con máis inserción laboral co fin de que sexa atractiva para a volta ao mercado laboral.

- Elaboración dun Mapa de oportunidades e necesidades de emprego, co fin de orientar á mocidade onde estase a xerar emprego.

- Fomento da iniciativa formativa dual que conectará a "Formación Profesional" cunha oportunidade laboral real e remunerada en empresas locais, con medidas de fomento da contratación específicas na Eurorexión, tales como o compromiso de contratación da mocidade da zona.

### Formación compromiso/emprend.

- Constituír unha rede con aquelas empresas da Eurorexión que ofrezan prácticas interesadas na contratación posterior do alumnado. Prácticas curriculares en empresas, organismos, etc., establecendo un maior período de tempo e cobertura para todas as persoas tituladas.

- Formación de maior calidade para o fomento do emprendemento con maiores garantías de viabilidade, constituíndo unha oficina na Eurorexión especializada en informar e acompañar durante os tres primeiros anos ás persoas participantes nos proxectos.

### Apoio emprego

- Crear unha axuda dirixida a proxectos

que teñan centros de traballo nas dúas rexións, que contraten mozos e mozas das dúas zonas.

### Dirixidas a mellorar a calidade do emprego

- Establecer medidas co fin de aproximar os salarios da mocidade traballadora ao resto de persoas empregadas de máis idade.

- Establecer medidas que supoñan unha mellora da xornada laboral. Diminuír a precariedade laboral contractual, temporalidade, parcialidade, tanto no ámbito público como privado, garantindo que un posto de traballo permanente se corresponda cun vínculo de traballo efectivo.

### Ámbito investigación

- Medidas transversais dirixidas a todos os axentes, empresas, universidades e administración, co fin de incrementar o investimento dirixido a I+D no caso de Galicia, xa que se trata dun factor clave de competitividade e atracción de empresas e talento da mocidade, e mantemento do investimento no caso do Norte de Portugal.

### En materia industrial

- Fortalecer as estruturas de investigación de tres sectores industriais clave para a Eurorexión: os relacionados ca biotecnoloxía aplicados ao sector primario (agroalimentario, forestal, pesca, acuicultura, produción de enerxía) e a saúde, os relacionados ca industria 4.0 (robótica, dixitalización, intelixencia artificial, internet das cousas, nanotecnoloxía, tecnolo-

xía cuántica) e os relacionados ca economía circular. Estimulando sempre a colaboración entre institucións e organismos de investigación

- Aproveitar os fondos da Unión Europea, aos que se engaden os Fondos Next Generation para mellorar a situación deste colectivo. Amplas vías abren un abano de posibilidades de entrada á mocidade traballadora, polo que é preciso o fomento por parte das políticas públicas na contratación da mocidade, na implantación de proxectos empresariais e nos novos procesos produtivos ligados a novas enerxías, economía circular, etc.

- Elaborar un mapa da industria da Eurorexión identificando as oportunidades de emprego para a mocidade da Eurorexión.

### Axudas directas mocidade

- Medidas fiscais vantaxosas para a xuventude, no sector primario, profesións de difícil cobertura e emprendedores.

- Axuda para gastos de aluguer e mantención aos xóvenes da Eurorexión polo desprazamento para traballar a outra localidade dentro da Eurorexión.

- Fomento do coñecemento e a sensibilización de experiencias de economía social agricultura e gandería ecolóxica, turismo rural, economía circular, industria e artesanía locais, servizos de proximidade.

### Entidades locais

- Financiación de espazos físicos e programas de apoio ao emprendemento en cooperación cas entidades locais.

## UGT-GALICIA CONSTITÚE A SÚA ÁREA DE ACCIÓN CLIMÁTICA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA XUSTA

**Redacción.-** UGT-Galicia constituíu este mércores en Santiago a súa Área de Acción climática e transición ecolóxica xusta que lle permitirá ao Sindicato converterse nun actor clave na transición ecolóxica e traballar para que esta sexa xusta, é dicir, para que non deixe a ninguén atrás.

Ter un área a nivel de Galicia permitirá traballar sobre os problemas máis próximos que poden atentar contra o medio ambiente en calquera dos puntos desta Comunidade autónoma e converter así a loita contra as agresións ao medio nun tema transversal para o Sindicato en todas as súas áreas de acción. Por outra banda, permitirá que o afiliado ou afiliada ou a cidadanía en xeral teñan un punto de traballo e encontro no Sin-



dicato en Galicia para analizar, debater, propoñer e traballar en todos os temas relativos ao medioambiente e transición.

O coordinador desta Área será Da-

niel Fernández e formarán parte da Comisión permanente María Florinda De la Fuente, Carlos Reija, Carmen Fernández, Ángel Fernández, Jacobo Feijoo e Eladio Quenlle.

**AÍNDA ASÍ, GALICIA SEGUE A AMOSAR SÍNTOMAS DUN MERCADO LABORAL POUCO DINÁMICO, CUNHA TAXA DE ACTIVIDADE DE TAN SÓ O 53,6%, FRONTE Ó 59,4% DO RESTO DO ESTADO**

## **UNHA MOSTRA MÁIS DA FORTALEZA DA REFORMA LABORAL**

**Os datos da EPA do terceiro trimestre manteñen a tendencia de aumento da ocupación e de contención da temporalidade dos últimos trimestres, froito do acordo laboral de 2021**

**Redacción.-** Os datos da EPA publicados este xoves polo INE, correspondentes ao terceiro trimestre de 2023, reflicten a fortaleza mostrada ata o de agora polo mercado laboral. A ocupación recolle un aumento en 14.200 persoas ocupadas máis neste trimestre, 30.600 persoas máis en termos anuais, o que se traduce nun aumento do 2,7% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. A taxa de paro, pola súa banda, baixou tres décimas fronte ao segundo trimestre, nun trimestre moi marcado pola estacionalidade do verán, e está 1,5 puntos por baixo fronte a hai un ano. No que respecta á calidade do emprego, a taxa de temporalidade mantense en valores similares por terceiro trimestre consecutivo, un 17,6%, que é o seu valor máis baixo na serie histórica dun terceiro trimestre do ano.

Os datos mostran que 2023 está a ser un ano positivo para o mercado laboral, rexistrando incrementos da ocupación e das persoas asalariadas, a pesar da incerteza sementada pola guerra en Ucraína, xunto a unha redución da temporalidade. Este terceiro trimestre é outra mostra máis da fortaleza do emprego grazas ao impulso da reforma laboral de 2021.

### **Solucións para o paro de longa duración e o traballo a tempo parcial**

Doutra banda, pese ao recoñecemento que esixen as melloras que conseguiu a reforma laboral no mercado de traballo, para UGT aínda queda un longo camiño por percorrer ata solucionar os problemas que afectan as persoas traballadoras. Un deles, que o sindicato vén denunciando, é na porcentaxe de desempregados de longa duración, definidos como aqueles que levan máis dun ano en procura de emprego. Este terceiro trimestre, o 34,7% do total de desempregados o eran de longa duración, o que reflicte a dificultade para reincorporarse a un emprego por parte deste colectivo. Neste sentido, UGT-Galicia considera fundamental que se dispoñan os medios para evitar que isto suceda, cunhas políticas activas de emprego eficientes e un Servizo Público de Emprego con recursos humanos e técnicos que faciliten o seu traballo.

UGT manifesta que outro signo de precariedade é a parcialidade do emprego que hai entre os ocupados, un 13,9%, dos que practicamente a metade (un 47,6%) fano de maneira involuntaria, por non poder acceder

a un emprego a xornada completa. Esta situación está a xerar unha bolsa de pobreza laboral insustible no noso país.

Por todo iso, o terceiro trimestre continúa cos avances logrados desde a aprobación da reforma laboral e reflicte unha situación económica estable. Aínda así, é fundamental seguir incidindo na necesidade de completar a reforma laboral con novas medidas que eviten os problemas estruturais do noso mercado de traballo, como o paro de longa duración ou a desproporcionada parcialidade. Para UGT, a seguinte lexislatura é a oportunidade idónea para concluir un xiro de cento oitenta graos na política laboral de España, que xa se está producindo coa redución da temporalidade e o asentamento dos contratos indefinidos.

### **Radiografía da EPA en Galicia**

Os datos amosan que hai en Galicia 30.600 ocupados máis con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior (un 2,7%) e, en relación ó segundo trimestre de 2023, hai 14.200 ocupados máis, o que supón unha suba do 1,3%.

Aínda así, aínda que a EPA amosa unha clara remisión dos efectos da pandemia, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 53,6%, fronte ó 59,4% do resto do Estado.

Interanualmente, o paro baixou en 17.600 persoas, o que supón o 13,1%. E, en relación ó trimestre anterior, o paro tamén diminuíu, un 2,1%, en 2.500 persoas.

Así, a taxa de paro queda en Galicia, con 117.200 persoas desempregadas, no 9,3%. No caso dos homes esta taxa é do 8,4% e do 10,2% no caso das mulleres. Entre os menores de 25 anos esta sube ata o 25%.

Por sectores, interanualmente, o emprego mellora na agricultura e pesca, cunha suba da ocupación dun 5,5% (3.800 ocupados máis); no sector servizos, cun aumento do 3,1% (24.600 ocupados máis); e na construción, cun incremento do 4,5% (3.400 ocupados máis). Pola contra, na industria baixa nun 0,7% (1.200 ocupados menos).



Con respecto ao trimestre anterior, a ocupación sube en todos os sectores, un 1,3% no primario (900 ocupados máis); 0,6% na industria (1.000 ocupados máis); un 1% no sector servizos (8.100 ocupados máis), e un 5,7% na construción (4.200 ocupados máis).

Hai en Galicia un total de 943.500 asalariados, aumentando con respecto ó trimestre anterior en 17.800 (1,9%), e ó ano soben en 31.900 (3,5%).

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que se sitúa no 17,6%. Dáse un aumento, en relación ao mesmo trimestre do ano anterior, da poboación asalariada con contrato indefinido, do 4,3%, e unha caída dos temporais, dun 0,1%.

O que si hai que salientar é que a parcialidade segue a estar en niveis altos, do 13,9%, sendo o 47,6% da mesma de carácter involuntario.

Difícil situación para moitos fogares e 40.700 persoas paradas de longa duración. A protección social resulta imprescindible

Outro dos nubarróns da radiografía da situación do emprego en Galicia é a situación dos fogares e o paro de longa duración. Ambas situacións levan á vulnerabilidade de moitas familias.

Hai en Galicia un total de 49.300 fogares con, polo menos, unha persoa activa e nos que todos os seus membros activos están en desemprego. E 28.800 fogares que non perciben ingresos.

Das 117.200 persoas que están no desemprego, 40.700 levan máis dun ano nesta situación. Resulta evidente que o paraugas da protección social é imprescindible para que ninguén quede atrás neste país.

## CONTINÚA A FOLGA E AS MOBILIZACIÓNS NO SECTOR DA LIMPEZA DE LUGO

**Redacción.-** O sector da limpeza da provincia de Lugo continúa coa folga, xa que, despois de dúas semanas, a patronal non mudou a súa postura inmovilista.

Esta semana, protagonizaron varias mobilizacións, unha concentración de freoas caídas ou unha caravana de coches.

Colexios, ambulatorios, centros de traballo privados, instalacións municipais... estanse a ver afectados pola folga indefinida que convocou o sector da limpeza de edificios e locais da provincia de Lugo.

O convenio caducou o 31 de decembro do 2021 e os sindicatos xa desde antes tentaron sentar a mesa de negociación, algo que lles custou moito.

O pasado 20 de xuño convocaron unha xornada de paro e unha semana máis tarde tiveron a última reunión coa

patronal. Desde entón, sosteñen que a patronal non lles deu resposta algunha. Isto fai que os sindicatos vexan na patronal unha estratexia para tentar dilatar ao máximo o novo convenio e non revisar os anos anteriores.

Agora mesmo o salario mínimo interprofesional xa supera o recollido polo convenio, xa que o soldo dunha limpadora está uns 1.800 euros por baixo. Por iso é polo que sosteñen que non van pasar por un acordo menor ao que marca a propia Lei.

A proposta da patronal é unha subida do 0 % para o 2022 cunha prima non consolidable de 272 euros, subir un 4 % no 2023 cunha prima de 200 euros e outro incremento do 4 % para os exercicios 2024 e 2025 sen ningunha cláusula de revisión.

Os traballadores, que aseguran que



xa axustaron as súas propostas, reclaman un aumento do 5,7% para o 2022, que se correspondería co IPC real, do 5,5 % para o 2023 e do 4 % para o 2024, ademais dunha cláusula de revisión ao cruzamento. Isto para garantir salarios similares ao SMI, xa que a proposta patronal o situaría por debaixo da propia Lei.

O da limpeza é un sector altamente feminizado e con xornadas parciais, ademais de moi precarizado.

## AS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE LIMPEZA DE CORREOS PARALIZAN A CENTRAL DE LAVACOLLA EN SANTIAGO

**Redacción.-** Continuando coas mobilizacións que se iniciaron xa hai tres meses, as traballadoras do servizo de limpeza de Correos, da empresa J. Córdoba, concentráronse o pasado martes na entrada do centro de tratamento de Correos de Lavacolla, o que provocou que a entrada e saída de camións quedase paralizada durante hora e media.

### Catro nóminas sen cobrar

Hai que lembrar que as traballadoras e traballadores deste servizo, uns 250 en toda Galicia, levan acumuladas xa catro nóminas sen cobrar e están en folga indefinida.



## O SECTOR AÉREO MOBILÍZASE CONTRA A PRECARIZACIÓN NO HANDLING TRAS A ASIGNACIÓN DAS ÚLTIMAS LICENZAS

**Redacción.-** As traballadoras e traballadores do sector do handling dos tres aeroportos galegos mobilizáronse este luns, como se fixo no resto do Estado, para denunciar a precarización tras a asignación das últimas licenzas para o servizo de asistencia en terra ás compañías aéreas para os vindeiros sete anos.

Dende o sector Aéreo de FeSMC UGT Galicia apuntan que as consecuencias deste proceso son que Aena adjudicou as licenzas para os aeroportos con máis volume a empresas de capital foráneo e alto risco en vez de seguir apostando polas empresas de capital nacional con demostrada solvencia. Hai un

gran número de traballadores e traballadoras afectados polos procesos de subrogación que requiren de prazos razoables e temen o cambio de modelo do sector.

UGT asegura que estará aí para que se cumpran as garantías que recolle o V Convenio do sector.

FeSMC mantivo este xoves unha xun-



tanza con AENA onde se lle entregou a documentación e anunciou que se esta non despexa as dúbidas acudirase á impugnación dos concursos e continuarán as mobilizacións.

## TRES DÍAS DE FOLGA EN VITRASA NO MES DE NOVIEMBRE

**Redacción.-** O Comité de empresa de Vitrasa, despois de celebrar o mércores unha asemblea co seu cadro de persoal, decidiu a convocatoria de dous novos días de folga en novembro, 8 e 9, que se suman ao día 1 que xa estaba convocado.

Ademais, convócanse mobilizacións para eses mesmos días, similares á que tivo lugar o pasado venres polas rúas da ci-

dade olívica.

A maiores das demandas que xa se viñan arrastrando por un convenio e unhas condicións laborais dignas, agora ábrese un novo escenario. A sanción de 60 días de suspensión de emprego e soldo para 12 traballadores, 9 deles representantes sindicais, “por facer cumprir os servizos mínimos” coincidindo co Marisqueño.



## OS BOMBEIROS PROVINCIAIS CONTINUÁN MOBILIZÁNDOSE

**Redacción.-** O pasado venres xa arrancou un novo bloque de mobilizacións, convocadas polos bombeiros provinciais, cunha concentración fronte á Deputación de Pontevedra; e esta semana tiveron lugar concentracións o día 23, fronte á de Ourense; e hoxe terá lugar fronte á de Coruña; e xa o 31 será fronte á de Lugo.

Despois de que a Xunta e as catro deputacións se ausentasen da última xuntanza prevista co comité de folga, foi convocada unha asemblea na que máis de cen traballadores e traballadoras manifestaron o seu descontento coa actitude das administracións e adoptaron unha serie de acordos.

Primeiro, manter a postura, xa iniciada o día 15 de xuño, de non facer tarefas voluntarias, o que está a demostrar que o servizo carece de persoal suficiente mesmo para garantir uns cuestionados servizos mínimos de tres efectivos por día en cada parque.

A segunda medida é que os bombeiros comarcais que o desexen se acollan ao dereito a folga, algo que xa se podía facer dende o día 15 pero que ata o de agora non se estaba a



aplicar.

Tamén se decidiu abrir un novo calendario de mobilizacións, catro concentracións, das que xa se teñen celebrado tres, e unha manifestación. Esta será o 17 de novembro en Santiago co obxectivo, nesta ocasión, de levar as queixas ao propio presidente da Xunta.

## UGT celebra a aprobación da actualización da Directiva sobre amianto

**Redacción.-** UGT celebra que se salvou o último trámite que quedaba para que ao fin se actualizase a Directiva que protexe ás persoas traballadoras fronte ao amianto en consonancia cos últimos avances científicos e tecnolóxicos.

A través deste acordo rebáixase o límite de exposición profesional ao amianto en toda a UE a 0,01 fibras por cm<sup>3</sup>, que é un límite de exposición dez veces inferior ao actualmente vixente, non aplicando período transitorio para a entrada en vigor desta medida. A inexistencia dun período transitorio supón unha vitoria da acción dos sindicatos, xa que era unha das nosas principais reivindicacións.

Ademais, tras un período transitorio máximo de 6 anos, os Estados membros terán que introducir o método de microscopía electrónica para contar as fibras de amianto. Unha vez feito isto, establécese un «modelo dual», que permite aos Estados membros elixir entre: un valor límite igual a 0,01 fibras por cm<sup>3</sup>, medindo as fibras máis finas; ou un valor límite igual a 0,002 fibras por cm<sup>3</sup>, sen medir as fibras

máis finas. Este novo límite é 50 veces inferior ao límite de exposición actual de 0,1 fibras/cm<sup>3</sup>.

O resto de modificacións teñen que ver coa utilización de equipos de protección individual e respiratoria, limpeza da roupa de traballo, procedementos de descontaminación e requisitos de formación para as persoas traballadoras. Ademais, para o colectivo de bombeiros e persoal de servizos de emerxencias lembra a importancia de avaliar o risco de exposición ao amianto e insta á Comisión para elaborar directrices que teñan en conta as especificidades das actividades e a información relativa aos riscos da súa exposición.

Desde UGT continuamos alertando que debido ao desamiantado dos edificios previsto na Unión Europea, é importante traspoñer canto antes, nos distintos Estados membro, a redución do valor límite de exposición profesional ao amianto, polo que instamos ao futuro Goberno de España a tratar este tema como prioritario, xa que se estima que soamente en España hai máis de 15.000.000 de

metros cadrados de cubertas de fibrocemento.

Avanzamos na protección das persoas traballadoras expostas ao amianto, pero no outro lado da balanza, lembramos a todas aquelas que xa enfermaron por esta causa e que son as grandes esquecidas.

A nivel nacional, debemos seguir denunciando que, a día de hoxe, seguimos sen contar co Regulamento que desenvolve a Lei de Creación dun Fondo de Compensación para as Vítimas do Amianto. Este Regulamento debería regular cuestións cruciais, como a contía das indemnizacións e as condicións para poder acceder ao Fondo, así como o procedemento para empregar para cursar as peticións das vítimas.

Instamos ao futuro Goberno a que non se conforme, a que poña en marcha canto antes devandito Regulamento, respectando o espírito da Lei, con indemnizacións dignas e sen que se teña que tributar polo IRPF, é dicir, sen converter ás persoas afectadas polo amianto en vítimas de segunda categoría.

## UGT VALORA POSITIVAMENTE O ACORDO DE REDUCCIÓN DE XORNADA E A REFORMA DO DESPEDIMENTO

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, manifestou que o acordo entre PSOE e Sumar para formar un Goberno de coalición é “moi positivo” e inclúe varias reivindicacións sindicais, como a da redución do tempo de traballo sen redución salarial ou empezar a afrontar a necesaria reforma da regulación do despedimento”.

Nesta primeira valoración, e a falta de coñecer o texto completo, Pepe Álvarez subliñou que “é moi importante que o proceso de investidura empece a camiñar” e que, ademais, “véxase plasmado nun documento, porque non podemos estar moito máis tempo sen Goberno” e “hai que tentar por todos os medios que a lexislatura finalmente se poña en marcha e non teñamos que repetir eleccións”.

“A pesar de que hai escollos moi importantes que salvar”, engadiu, “e que o acordo con Junts, Esquerra, o PNV e Bildu levará máis tempo e xurdirán novos compromisos, este acordo é un paso necesario e positivo que vai na boa dirección”.

En relación á redución dos tempos máximos de traballo, Pepe Álvarez lembrou que hai 40 anos que en España non se toca a duración da xornada e que, cos cambios que houbo no sistema produtivo do noso país e tendo en conta que España é un país de pequenas e medianas empresas, con moitos traballadores sen convenio colectivo, é absolutamente imprescindible que estes cambios fáganse a través dunha Lei e mediante a negociación colectiva.

### Contar coa patronal para acordar a redución do tempo de traballo

“UGT leva anos esixindo unha necesaria redución da xornada de traballo ata alcanzar as 32 horas, posto que isto non só permitirá a creación de emprego, senón que terá beneficios para a saúde, mellorará a conciliación, enriquecerá a vida social e contribuirá a xerar impacto positivo sobre cuestións relativas á contorna de traballo e a produtividade”.

“Nese sentido, o acordo é positivo porque, por unha banda, respecta á negociación colectiva como a instancia máis adecuada para regular e adaptar a xornada, o que nos permitirá esixir e acordar reducións superiores en moitos sectores e empresas, e, doutra banda, porque queda claro que a redución se producirá sen redución salarial, o que garante un crecemento máis xusto”.

“A medida, por tanto, vai no bo camiño co obxectivo de que as 35 horas se implanten, por lei, antes de finalizar a lexislatura”, dixo, e “gustaríanos que a patronal nos acompañase e negociar como se concreta e acórdase a redución de xornada”.

### Avanzar na senda de ampliar dereitos



Álvarez incidiu na importancia doutras cuestións incluídas no acordo como a subida do SMI, “fixando o criterio do 60% do salario medio segundo os datos da Axencia Tributaria, Eurostat e as bases de cotización da Tesourería Xeral da Seguridade Social” ou a reforma da regulación do despedimento, “introducindo elementos esixidos pola Carta Social Europea como unha compensación restaurativa dos danos causados o suficientemente disuasoria para que comportamentos contrarios á lei non se produzan”.

“O acordo que se asinou”, finalizou, “avanza cara un novo Goberno de coalición progresista e crea unha dinámica política que vai reforzar o diálogo e a concertación social e a concretar un marco estable para a subida do SMI e a recuperación de poder adquisitivo de traballadoras e traballadores”.

## A economía segue crescendo e os salarios soben grazas ao VAENC

**Redacción.-** O avance dos datos do terceiro trimestre de 2023 da Contabilidade Nacional Trimestral foi publicado hoxe polo INE, reflectindo que a economía española tería crecido un 0,3% en termos trimestrais, o que se traduce nun aumento anual do 1,8%. Tras a revisión que realizou o INE o pasado 18 de setembro, que corrixiu á alza o crecemento do PIB en trimestres anteriores, é esperable que afecte aos novos resultados que se coñecen reducindo os crecementos que se rexistran agora en termos anuais polo seu efecto comparación.

De feito, o FMI publicou o pasado 10 de outubro as súas novas previsións, que manteñen un 2,5% de crecemento do PIB para 2023, a pesar da mencionada revisión estatística, o que mostra o bo desempeño da economía española no que vai de ano.

Respecto á información publicada hoxe, destaca o moderado crecemento en termos anuais dalgúns factores craves da demanda do país, como no consumo dos fogares (1,0% anual) ou o do investimento (0,6% anual). Isto é un signo da resistencia da economía, a pesar dos momentos de elevada incerteza ou de risco de contracción existentes, o que avala a importancia de manter unhas políticas económicas expansivas. Polo lado da oferta, crecen todos os sectores respecto ao mesmo trimestre do ano pasado, sendo a agricultura a que máis (2,7%), seguido do sector servizos (2,4%), a construción (1,0%) e a industria (0,5%). Acerca da evolución salarial, destaca en positivo o avance que está a lograr o VAENC desde a súa firma o pasado maio, conseguindo que, nos convenios asinados neste ano, as subidas salariais impliquen a recuperación de poder adquisitivo, en parte tamén

pola considerable redución da inflación rexistrada ao longo do exercicio. Desta maneira, a media das taxas anuais do IPC sitúase no 3,6%, mentres que as variacións salariais rexistradas en convenios asinados en 2023 alcanzan o 4,3%.

En resumo, a economía española continúa crescendo de maneira moderada, e é previsible que sexa unha das economías europeas que máis o faga en 2023. É fundamental que leve a cabo un decidido apoio aos fogares máis vulnerables e ás empresas que se viron máis prexudicadas pola situación orixinalada tras o conflito en Ucraína. Ademais, os fondos europeos deben ser a ferramenta principal sobre a que vire o cambio de modelo produtivo cunha perspectiva dual de transición ecolóxica e dixital que axude a xerar máis empregos de calidade.